ideas atípicas para instrumentos típicos

investigación, desenvolvemento e construción
de ferramentas para instrumentos tradicionais

TLF.: 670964577 - microfonoslandra@gmail.com - Santiago de Compostela (A Coruña)

MK-G

micrófono de directo deseñado
específicamente para
a gaita galega

CARACTERÍSTICAS

Condensador de diafragma pequeño, ecualización activa optimizada para punteiros nas tonalidades de re, do, si, sib, la e sol

Fácil e rápido de cambiar entre diferentes punteiros grazas ao seu soporte magnético

Alta resistencia ós acoples grazas ao seu rexeitamento ao son ambiente

Dinámica equilibrada entre todas as notas do punteiro

Saída en XLR balanceado

Precisa de alimentación Phantom 48v

A CAIXA DO MK-G INCLÚE

Petaca de aluminio gravada a man con entrada mini XLR e saída XLR

Micrófono con pinza magnética e conector mini XLR

Cable reforzado con aceiro

4 imáns de 8x2 mm para PEGAR nos punteiros

4 imáns de 6x4 mm para INCRUSTAR nos punteiros

Instrucións e garantía

INSTRUCIÓNS DE MONTAXE

Propoñemos dúas maneiras de montar o sistema de imáns no punteiro, pegados ou incrustados

Recomendamos comezar polo pegado dos imáns, é moi fácil de facer e non precisaremos de axuda de profesionais

Se decides incrustar os imáns recomendamos que te dirixas ao teu artesán de confianza

IMÁNS PEGADOS

Utilizaremos dous imáns de 8mm de diámetro e 2mm de fondo, incluídos co teu MK-G

Comprobar a polaridade dos imáns antes de pegalos

PREME PARA VER O VÍDEO EXPLICATIVO

IMÁNS INSCRUSTADOS

Utilizaremos dous imáns de 6mm de diámetro e 4mm de fondo, incluídos co teu MK-G

Comprobar a polaridade dos imáns antes de incrustalos

Precisamos una broca de 6mm de diámetro

Os imáns quedarán incrustados na madeira 2mm e sobresairán da madeira 2mm

PREME PARA VER O VÍDEO EXPLICATIVO

NOCIÓNS BÁSICAS DE ECUALIZACIÓN E MESTURA DO MK-G

E.Q.

Se escoitas demasiado o son da dixitación (picados, batementos...), quítalle graves no teu ecualizador (H.P.F. 130Hz aproximadamente)

Se a gaita soa estridente quítalle medio-agudos no teu ecualizador (filtro peaking a 4kHz aproximadamente)

Se a gaita soa demasiado "brillante" quítalle agudos no teu ecualizador (filtro shelving a 10kHz aproximadamente)

MESTURA

O MK-G non capta son ambiente, por iso recomendamos utilizar un pouco de reverb en contornos acusticamente "secos" e microfonar o ronco

PRECAUCIÓNS

Para quitar o micrófono do punteiro, agarrar pola pinza metálica, inclinar 90º e separar dos imáns

NON TIRAR NUNCA POLO CABLE

GARANTÍA DO PRODUTO

A garantía do MK-G é de 3 anos a partir da data de compra

Este micrófono está deseñado e fabricado artesanalmente por José Luís Padín e Tomás Ageitos, coa axuda inestimable de Edelmiro Fernández

Supera estritos controis de calidade antes de ser subministrado

PREZO: 496 euros



MK-A

micrófono de directo deseñado
específicamente para
percusión de man

CARACTERÍSTICAS

Condensador de diafragma pequeno

Ecualización activa optimizada para instrumentos de percusión de man típicos tal como pandeireta, pandeiro, pandeira, frame drum, adufe, bendir, daf, etc.

O seu sistema de pulseira permítenos cambiar de instrumento utilizando o mesmo micrófono

Saída XLR balanceado

Precisa de alimentación Phantom 48v

INSTRUCIÓNS DE USO

O MK-A precisa alimentación Phantom 48v e ten saída XLR balanceada

Instalar no micrófono a pulseira que nos resulte máis cómoda, sen cubrir a parte metálica do micrófono

Poñer a pulseira na man que sostén o instrumento, orientando o micrófono cara a caixa de resonancia

GARANTÍA DO PRODUTO

A garantía do MK-A é de 3 anos a partir da data de compra

Este micrófono está deseñado e fabricado artesanalmente por José Luís Padín e Tomás Ageitos, coa axuda inestimable das Adufeiras de Salitre

Supera estritos controis de calidade antes de ser subministrado

PREZO: 363 euros


MIL

pandeiro afinable
de inspiración tradicional galega
con membrana sintética DOROTEA

CARACTERÍSTICAS

O pandeiro consegue un son idéntico aos pandeiros de parche de pelexo sen sufrir variacións de ton ante os cambios de humidade ou temperatura grazas ao seu parche sintético DOROTEA

Conta cun sistema de tensores para poder escoller a afinación desexada

GARANTÍA DO PRODUTO

A garantía do MIL é de 2 anos a partir da data de compra

Este instrumento está deseñado por Tomás Ageitos e fabricado artesanalmente por Pedro Vidal, coa axuda inestimable das Xabier Díaz

Supera estritos controis de calidade antes de ser subministrado

PREZO: 290 euros



DOROTEA

membrana sintética para
instrumentos de percusión típicos

CARACTERÍSTICAS

O parche consegue un son idéntico ao parche de pelexo natural pero sen sufrir variacións ante os cambios de humidade ou temperatura, conseguindo unha afinación extremadamente estable

O pelexo sintético ofrece un tacto e aparencia case idénticos aos parches de pelexo naturais

Os parches pódense imprimir con calquera logo ou acabado que desexes

COMO PODO CONSEGUILO?

Se queres ter esta nova tecnoloxía nos teus instrumentos pídello ao teu artesán ou artesá de confianza

Se es artesán ou artesá, por favor, contacta con nós a través do noso email microfonoslandra@gmail.com

Parche sintético deseñado por Tomás Ageitos e fabricado artesanalmente por Pedro Vidal

Supera estritos controis de calidade antes de ser subministrado